




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Santo Estevo de Noalla. Extensión: 2,14km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Complexo sedimentario de gran extensión formado pola praia de Pragueira e Magor con cordón dunar traseiro con lixeira prolongación interior xunto á desembocadura do arroio do Souto. Os extremos da unidade presentan unha fronte cantil con restos de plataforma rochosa máis ou menos degradada sobre os materiais metamórficos imperantes, destacando pola súa singularidade a contorna da praia de Pociñas con fronte rochosa de plataforma e parede traseira acantilada en duna fósil e outros depósitos antigos que indican a importancia deste enclave dende o punto de vista paleoxeomorfolóxico. A vertente posúe un perfil regular con pendente moderada que se desenvolve polos vales dos regatos do Souto e dos Besadoiros. Inclúe o EIX Plataformas costeiras de Aios.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Na superficie da unidade están representados os materiais metamórficos do Precámbrico-Silúrico característicos do Complexo de Cabo Home – A Lanzada, é dicir, tanto micaxistos, cuarzoaxistosos e paragneises; como rocas calcosilicatadas e paraanfíbolitas. Pero dende a praia Magor cara ao nordés aparece unha superficie máis aplanada que se corresponde cunha terraza pleistocena, e pola que circula o regato do Souto no seu tramo final.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual superior a 15°C, precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm, e oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

En torno ao gran complexo sedimentario da praia Magor fórmanse areosos álbicos e háplicos. O resto da unidade está composta por cambisais eútricos, localmente gleysois en áreas de drenaxe impedida en relación coa topografía e o substrato xistoso e umbrisois en ladeiras cara á cabeceira da unidade onde son máis frecuentes os usos forestais.


AS AUGAS

Nesta estreita unidade litoral recoñécense dous vales diferenciados que canalizan a rede fluvial da zona. Un situado ao norte, polo que circula o regato do Souto, e en cuxo tramo final se forma unha pequena lagoa, antes de ir parar á praia das Pociñas. E outro polo sur, chegando á praia Pragueira, nas mesmas Augas Costeiras 20153, denominado regato dos Besadoiros.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. O complexo dunar inclúese no LIC Complexo Ons-O Grove. Dominio sedimentario co complexo de Praia de Magor, que contan con zona dunar onde se reproducen hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. Tralas dunas aparece un reservorio moi transformado pero asimilable, pola súa potencialidade ecolóxica, a unha lagoa costeira (1150). Trátase dun espazo moi apertado turística, agraria, forestal e urbanisticamente, polo que pouco se pode destacar a nivel ecolóxico no interior. Só se poden subliñar a masa ripícola (91E0) do tramo final do Rego do Souto e a do Rego dos Vesadoiros á altura de Aios. Outra moi pequena aparece no tramo final deste regato.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A praia de Magor actúa como reclamo das actividades de lecer e turismo, propiciando que o uso hostaleiro e a hostalería despracen o uso agrícola orixinario. Aproveitase a proximidade da estrada principal que tanscorre próxima ao areal da praia, para o uso de instalacións e actividades de lecer como a acampada, o karting e as embarcacións de recreo. A medida que nos afastamos tanto lonxitudinal como altitudinalmente da franxa costeira persisten os bosquetes de piñeirais e eucaliptais así como pequenas parcelas de uso agrícola.

MORFOLOXÍA

Abunda a tipoloxía de vivendas unifamiliares illadas e algunhas agrupadas, trátase de asentamentos de recente formación debido ao alto interese turístico da zona, polo que non existe ningún núcleo nin de morfotipoloxía tradicional. As actividades de uso turístico e de lecer sitúanse nas inmediacións da estrada N-550 de Pontevedra a O Grove.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O eixo viario principal é a estrada N-550 de Pontevedra ao Grove, cuxo trazado nesta zona é moi rectilíneo e transcorre pegado á praia de Magor. O resto das redes viarias son secundarias e vertébranse dende o devandito eixo. Hai que mencionar tamén que os novos desenvolvementos levaron a aparición de novas vías aínda que estas non se integran co resto da rede viaria.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na propia praia de Magor existe un depósito romano. O muíño de Peritos é a única representación do patrimonio etnográfico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Pódense diferenciar tres áreas tomando como divisoria a estrada principal. A primeira estaría formada pola praia de Magor que mantén dende a estrada cara á franxa litoral a súa invariabilidade cun sistema dunar característico, salvo na zona máis ao sueste onde desenvóléronse algunhas vivendas de tipo unifamiliar e edificacións de uso hostaleiro. A segunda comprende dende a praia de Magor cara aos núcleos de Fontenla e Pociñas, é a que se atopa máis desenvolvida dende o punto de vista urbanístico, debido ao alto interese turístico da zona. Gran parte destas vivendas úsanse exclusivamente na tempada de verán. A terceira área conserva o uso agrícola e forestal, aínda que existen algunhas vivendas unifamiliares illadas, con peor accesibilidade á rede viaria principal. Sendo esta a zona máis elevada onde aínda persiste unha pequena masa forestal, principalmente de piñeiro marítimo ou *Pinus pinaster*

DINÁMICA DA PAISAXE

Así como a única masa forestal permanece invariable, sendo unha zona case exclusiva da especie *Pinus pinaster*, as parcelas destinadas ao uso agrícola íranse abandonado para dar paso a edificacións unifamiliares e vivendas acaroadas empregadas como segunda residencia, feito que desvinculou o carácter agrícola da zona coa poboación residente. Só na parte máis elevada e de peor acceso consérvanse aínda as características propias da zona. A tendencia diríxese claramente cara á explotación dos recursos turísticos onde antes non había apenas núcleos e os de recente creación carecen de implantación de infraestruturas básicas e necesarias para un desenvolvemento coherente.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Sen ningunha dúbida o elemento máis representativo tanto desde o punto de vista ambiental como desde o punto de vista turístico é o areal da praia de Maior. A aparición no mesmo de xacementos arqueolóxicos confírelle un valor engadido. A elevación na área nordeste da unidade conserva a ruralidade primitiva polo bo estado dun piñeiral rodeado dun mosaico de parcelas agrícolas. Pola estrada en dirección ao Grove os primeiros asentamentos están a crecer coa construción de novas vivendas e urbanizacións destinadas principalmente a segunda residencia para o goce das praias da zona. A franxa litoral atópase protexida pola rede ecolóxica europea Rede Natura 2000 e a Rede Galega de Espazos Naturais. Nas cotas máis altas obtense unha visión completa da unidade, como punto de observación da unidade escolleuse un miradoiro existente no acceso á praia.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



